

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se notifica a resolución de baixa das autorizacións como xestor de valorización e almacenamento de residuos da empresa Servicio de Contenedores y Tratamiento de Residuos, S.L. (expediente 2021-SC-M-00374 e tres máis).

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ser intentada sen éxito a notificación do acto administrativo que se relaciona no anexo sen que fose posible por causas non imputables á Administración, notifícase ao titular que se sinala no anexo deste anuncio a resolución de baixa das autorizacións.

Para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, o interesado, ou o seu representante debidamente acreditado, poderá comparecer, no prazo de dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Servizo de Residuos, sitas no Edificio Administrativo de San Lázaro, rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida ao vencer o prazo indicado para comparecer.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

ANEXO

Expedientes: 2021-SC-M-00374, 2021-SC-M-00375, 2021-SC-M-00376 e 2021-SC-M-00374.

Titular: Servicio de Contenedores y Tratamiento de Residuos, S.L.

NIF: B36255313.

Acto notificado: resolución de baixa das autorizacións de xestor de residuos.

Data do acto administrativo: 18.2.2022

CVE-DOG: 9thohrp7-bh50-yvb8-dkq7-yh51bqjzwzo3

